

**1. Cal das seguintes máquinas portátiles é a axeitada para axustar unha balda de madeira a unha parede descadrada?**

- a) Desparafusador de batería.
- b) Broca.
- c) Cepillo eléctrico.

**2. Cal é a función das guías laterais dunha persiana?**

- a) Permitir que o eixe vire cara á dereita.
- b) Soster o eixe dentro do caixón.
- c) Evitar o descarrilamento da persiana no seu traxecto de subida e baixada.

**3. A que denominamos cilindro nunha pechadura?**

- a) Á peza encargada de activar o mecanismo de apertura ou peche da porta ao introducir e virar a chave.
- b) Á peza encargada de manter pechada a porta cando non a pechamos con chave.
- c) Á peza que cobre a pechadura que leva os parafusos que fan que a pechadura quede fixada á porta.

**4. A que denominamos pasador de golpe dunha pechadura?**

- a) Á peza encargada de activar o mecanismo de apertura e peche da porta introducindo a chave.
- b) Á peza encargada de manter a porta pecha cando non a pechamos con chave.
- c) Á peza encargada de protexer o cilindro de axentes externos.

**5. Que é un contactor con apertura automática?**

- a) Contactor electromagnético provisto de relés que producen a súa apertura en condicións predeterminadas.
- b) Contactor automático.
- c) Contactor manual.

**6. Cando entraría a iluminación de seguridade, segundo o Regulamento electrotécnico para baixa tensión e Instrucións Técnicas Complementarias (ITC)?**

- a) Estará previsto para entrar en funcionamento unha vez posto en marcha o grupo electrógeno.
- b) Estará previsto para entrar en funcionamento automaticamente cando se produce o fallo de iluminación por causas de disparo de diferencial.
- c) Estará previsto para entrar en funcionamento automaticamente cando se produce o fallo de iluminación xeral ou cando a tensión deste baixe a menos do 70% do seu valor nominal.

**7. Que é unha toma de terra, segundo o Regulamento electrotécnico de baixa tensión e ITC?**

- a) Eléctrodo, ou conxunto de eléctrodos, en contacto co solo e que asegura a súa conexión eléctrica co mesmo.
- b) Cable directo illado do solo e que asegura a súa conexión eléctrica.
- c) Barra de aluminio para a conexión a terra.

**8. Que protexe dun contacto indirecto?**

- a) Un fusible.
- b) Un interruptor diferencial.
- c) Un seccionador de carga.

**9. As principais ferramentas para cortar tubos son:**

- a) Dobradores e curvadores.
- b) Serra e cortatubos.
- c) Punzón e botadores.

**10. A auga nos sifóns evita:**

- a) Paso de residuos sólidos.
- b) Golpes de ariete.
- c) Malos cheiros.

**11. As augas vertidas a un sistema de desaugadoiro ou rede de sumidoiros, despois do seu uso doméstico ou industrial, denomínanse:**

- a) Augas residuais.
- b) Augas pluviais.
- c) Augas potables.

**12. Cal é o elemento da instalación que ten como función regular e cortar o paso da auga polo interior das tubaxes?**

- a) O sifón.
- b) A billa.
- c) A chave de paso.

**13. A que se denomina caldeira?**

- a) Ao aparello que converte a auga en vapor para transmitilo ás tubaxes de instalación.
- b) Ao xerador que transfere a calor producida pola combustión á auga da instalación.
- c) Ao elemento da instalación que converte a enerxía eléctrica en enerxía mecánica.

**14. A que se denominan emisores de calor por auga quente?**

- a) Á bomba de circulación que envía auga quente aos radiadores.
- b) Ao aparello destinado a proporcionar ao ambiente a calor necesaria para manter a temperatura elixida.
- c) Á caldeira de calefacción.

**15. Que é un vaso de expansión?**

- a) Un depósito situado na sala da caldeira para auga quente sanitaria para consumo humano.
- b) Un depósito que absorbe os aumentos de volume producidos polas dilatacións da auga ao quentala.
- c) Un depósito disposto na sala de caldeiras para recoller partículas sólidas cando se limpa a caldeira.

**16. Un termóstato de seguridade nunha caldeira de calefacción realiza a seguinte función:**

- a) Corta un circuíto en caso de altas temperaturas e necesita intervención humana para regresar ao seu estado inicial.
- b) Realiza o control de temperatura dentro dun rango.
- c) No caso de falta de fluído, corta o circuíto eléctrico.

**17. Que función realiza na instalación dunha sala de caldeiras un intercambiador de placas?**

- a) Produce intercambio de calor entre dous fluídos, normalmente auga-auga.
- b) Produce intercambio de calor entre a auga dos circuítos do evaporador e o condensador dunha bomba térmica.
- c) Diminúe a temperatura da auga do circuíto de calefacción a un nivel determinado.

**18. A que se denomina recepción de materiais nun almacén?**

- a) Ao proceso polo cal os produtos que veñen do provedor chegan ao almacén para ser clasificados, rexistrados e almacenados.
- b) Ao proceso polo cal os produtos que veñen do provedor son valorados e enviados á venda.
- c) Ao proceso polo cal os produtos son valorados e etiquetados co prezo.

**19. Cal é o fin da clasificación dos produtos nun almacén?**

- a) Valorar todos os gastos de almacenaxe.
- b) Agrupar os produtos segundo o seu valor descontando os gastos superfluos como seguros e gastos de seguridade.
- c) Agrupar os produtos segundo as súas dimensións, forma, peso e tipoloxía.

**20. Na xestión do almacén denomínase inventario:**

- a) Á información que permite coñecer en todo momento as entradas e as saídas dos produtos dun almacén.
- b) Á función de contar as existencias dun almacén nun momento determinado.
- c) Á información que permite coñecer nun momento determinado as entradas e as saídas dos produtos dun almacén.

**21. O peso máximo dunha carta certificada urxente a través de Correos é de:**

- a) 500 gramos.
- b) 5 quilogramos.
- c) 2 quilogramos.

**22. Para a xestión dos albarás dos clientes con contrato, o servizo de Correos ofrece varias modalidades. Cal debe utilizar a USC?**

- a) GANES obrigatoriamente.
- b) ADO obrigatoriamente.
- c) Pódese utilizar tanto GANES como ADO.

**23. Como se realiza o acceso á aplicación que Correos pon a disposición dos clientes con contrato e que permite o rexistro e admisión de albarás e/ou depósitos en Correos?**

- a) Pódese realizar a través da secretaría virtual do traballador na páxina web da USC por estar esta dentro do acordo asinado entre Correos e a Xunta de Galicia.
- b) O acceso realízase a través da oficina virtual cun usuario previamente rexistrado.
- c) A USC non utiliza o sistema de xestión de albarás que ofrece Correos ás empresas. A USC ten o seu propio sistema de xestión ao que accede Correos desde as súas oficinas.

**24. Nun campo de fútbol, a que distancia da liña de meta hai que pintar o punto de penalti?**

- a) 5,5 metros.
- b) 11 metros.
- c) 15 metros.

**25. O campo de fútbol de céspede artificial da USC en Santiago de Compostela cumpre coa normativa regulamentaria para acoller competicións oficiais de:**

- a) Balonmán.
- b) Tenis.
- c) Rugby.

**26. A piscina cuberta da USC ten unha lonxitude de:**

- a) 50 metros.
- b) 25 metros.
- c) 30 metros.

**27. A USC ten unha cancha de balonmán con medidas regulamentarias que se atopa situada:**

- a) No pavillón polideportivo da USC.
- b) No estadio de atletismo.
- c) Nas canchas de tenis.

**28. Cal das seguintes opcións é unha característica das portas antilume?**

- a) Non deben poder abrirse con facilidade.
- b) As portas antilume de dimensións grandes confiren maior protección que as medianas ou pequenas.
- c) As portas antilume que se teñan que utilizar como vía de evacuación deben estar equipadas con dispositivos antipánico.

**29. O plan de autoprotección dun centro ten por finalidade:**

- a) Organizar os equipos humanos do centro para investigar quen causou a emerxencia.
- b) Organizar os recursos humanos e os medios técnicos necesarios para a prevención e loita contra riscos que poidan provocar situacións de emerxencia.
- c) Organizar os equipos humanos do centro só para garantir que non haxa perdas materiais no edificio.

**30. Os extintores manuais colocaranse:**

- a) De forma que a parte superior supere a altura de 1,20 metros.
- b) De forma que a parte superior non supere a altura de 1,20 metros.
- c) A calquera altura.

**31. Nos simulacros de emerxencia e evacuación para o mantemento do plan de autoprotección dun centro:**

- a) Realizárase sempre unha evacuación total para así mobilizar a todo o persoal do centro e aos equipos de emerxencia.
- b) Realizárase sempre unha evacuación parcial para non alterar de forma drástica o funcionamento normal das instalacións.
- c) Poderán realizarse simulacros con evacuación total ou parcial, segundo determine o xefe de emerxencia logo de solicitar e analizar a información.

**32. A manipulación manual de cargas:**

- a) Pode ocasionar lesións dorsolumbares e non é un risco laboral.
- b) En ningún caso pode ocasionar lesión.
- c) Pode ocasionar lesións dorsolumbares.

**33. Para levantar unha carga do solo:**

- a) Manterase a carga o máis lonxe posible do corpo.
- b) Agarrárase a carga con ambas as mans e pegada ao corpo.
- c) Utilizaranse máis os músculos das costas que os das pernas.

**34. En caso de contacto coa corrente eléctrica:**

- a) Os seus efectos danos dependen do percorrido polo corpo humano e da resistencia que opoña o corpo da persoa.
- b) O corpo humano non opón ningunha resistencia ao paso da corrente.
- c) Non hai efectos danos para a persoa.

**35. As escaleiras de man:**

- a) Estarán pintadas sempre que sexan de madeira.
- b) Non poderán ser de madeira e poderán superar os 5 metros de lonxitude.
- c) Terán colocados todos os chanzos a unha mesma distancia.

**36. A Axenda 2030 recolle 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), que se agrupan nas denominadas:**

- a) 5P: Persoas, Planeta, Prosperidade, Paz e Alianzas (*Partners*).
- b) 4P: Persoas, Planeta, Prosperidade e Alianzas (*Partners*).
- c) 3P: Persoas, Planeta e Prosperidade.

**37. Que é o Plan de desenvolvemento sostible da USC?**

- a) É un plan elaborado pola USC xunto coa Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en materia de promoción do desenvolvemento sostible da sociedade galega.
- b) É un plan elaborado pola USC como ferramenta de xestión que permitirá optimizar os recursos dispoñibles e chegar globalmente a outras institucións e á sociedade en xeral.
- c) É un convenio asinado polas universidades galegas para optimizar os recursos dispoñibles na Comunidade Autónoma de Galicia.

**38. O Plan de desenvolvemento sostible da USC recolle a redución do impacto ambiental ocasionado pola actividade da USC mediante as seguintes actuacións:**

- a) Redución de residuos, xestión de residuos e xestión ambiental.
- b) Aumento de residuos, xestión de residuos e consumo responsable.
- c) Mantemento de residuos e xestión con responsabilidade.

**39. Segundo a "Guía para a xestión de residuos perigosos da Unidade de Xestión de Residuos perigosos da USC", que envase de residuos empregaría para desbotar os tubos fluorescentes?**

- a) Só colectores localizados no almacén de residuos da USC.
- b) Só colectores identificados nos almacéns dos centros singulares de investigación.
- c) Colectores identificados nas conserxarías de todos os centros.

**40. Con carácter xeral, que oficina informa sobre trámites e xestións dos procedementos académicos e de extensión universitaria?**

- a) Oficina de Información Universitaria (OIU).
- b) Oficina de Relacións Exteriores (ORE).
- c) Oficina de Relacións Interiores (ORI).

**41. Entre as funcións de atención e recepción de usuarios, inclúense as seguintes:**

- a) Desorganizar e manter desactualizados os contidos de información nos espazos para mellorar a atención ás persoas usuarias.
- b) Apoiar nas tarefas administrativas do centro, baixo a coordinación das persoas responsables das unidades, incluíndo copiar ou dixitalizar documentos, pero non a venda de bonos ou entradas, expedicións de carnés e credenciais, entre outras.
- c) Atender ás persoas usuarias do centro, tanto en persoa como por vía telefónica, correo electrónico ou similar.

**42. A Universidade de Santiago de Compostela ofrece información sobre a súa organización, funcionamento e actividades para:**

- a) Alumnado e membros da comunidade universitaria unicamente a través da intranet.
- b) Alumnado, membros da comunidade universitaria e público en xeral.
- c) A Universidade ofrece información sobre as súas actividades, pero non sobre a organización e o seu funcionamento.

**43. É función da persoa responsable do punto de atención, información e servizos:**

- a) Facilitar e coordinar a distribución de información e os labores de orientación das persoas usuarias.
- b) Organizar as tarefas asociadas á información ás persoas usuarias e á xestión da documentación que deba realizarse no centro.
- c) Recompilar e sacar de boletíns, diarios oficiais e outros medios de difusión, información relevante en temas da súa competencia e remitila ao seu responsable.

**44. A USC dispón de diversas modalidades de comunicación coas persoas usuarias:**

- a) Presencial, telefónica e telemática.
- b) Unicamente presencial e telefónica.
- c) Unicamente telefónica e telemática.

**45. Unha das principais barreiras na comunicación é:**

- a) Que a solicitude do emisor sexa incomprendible para o receptor, polo que é imposible establecer un diálogo e transmitir a información solicitada.
- b) Que a solicitude de información do emisor sexa a través dun teléfono móbil, xa que non é un medio axeitado.
- c) Que a solicitude do emisor sexa clara e o receptor teña interese en trasladar a información.

**46. Para que unha comunicación telefónica sexa correcta a persoa que chama por teléfono, debe:**

- a) Identificarse, é dicir, dicir o seu nome e o nome da organización desde a que chama.
- b) Non é necesario que se identifique. O importante é expor de forma detallada, moi extensa e pormenorizada o motivo da chamada.
- c) Non é necesario que se identifique. O importante é falar moi alto para que o receptor, a persoa que recibe a mensaxe, o entenda perfectamente.

**47. Para que funcione a comunicación, hai que superar diferentes barreiras e dificultades comunicativas, entre as que se inclúen:**

- a) Explicarse ben.
- b) Prestar atención e escoitar.
- c) As distraccións visuais e as interrupcións.

**48. Cal das seguintes afirmacións é falsa?**

- a) A Sede Electrónica é a oficina virtual de atención ao usuario/a en Internet, a calquera hora e todos os días do ano.
- b) A Sede Electrónica é a oficina virtual de atención ao usuario/a en Internet, a calquera hora e só os días laborables do ano.
- c) A Sede Electrónica está dirixida ás persoas da Comunidade Universitaria e á cidadanía que desexe interactuar a través de Internet coa USC.

**49. Se vostede busca a instrución VII/2022 relativa ao calendario de festas, vacacións, permisos e horario para 2023 na web, onde poderá atopala?**

- a) No taboleiro de anuncios.
- b) Na sección “Portal do Empregado”.
- c) Ningunha das repostas anteriores é correcta.

**50. A través de cal das seguintes rutas se accede ao rexistro electrónico da USC?**

- a) Sede Electrónica – Servizos Persoais – Rexistro Electrónico.
- b) Sede Electrónica – Información da Sede – Identificación e Normativa – Rexistro Electrónico.
- c) Servizos – Servizos á Comunidade Universitaria – Rexistro Electrónico.

**51. En que sección se sitúa, dentro da portada do sitio web da USC, o acceso ao correo web?**

- a) Directorio.
- b) Servizos.
- c) USC Virtual.

**52. Cales son os tres elementos básicos das siglas da USC?**

- a) As siglas USC, o cadrado azul e o nome completo.
- b) O nome completo, o *sigilum* e o cadrado azul.
- c) As siglas USC, o *sigilum* e o cadrado azul.

**53. No caso no que o logotipo da USC deba acompañarse do nome dun organismo, departamento, facultade, vicerreitoría etc, este aparecerá situado:**

- a) Ao lado do logotipo.
- b) Debaixo do logotipo.
- c) Indistintamente ao lado ou debaixo do logotipo.

**54. Sinale a resposta correcta:**

- a) As teses e comunicacións do Consello de Goberno deben prescindir do uso dos elementos de identidade visual institucional.
- b) As teses e comunicacións do Consello de Goberno deben enmarcarse na identidade visual institucional a través do respecto aos seus elementos.
- c) O uso dos elementos de identidade visual institucional son voluntarios por parte de todos os membros da comunidade universitaria.

**55. Para usos institucionais e en contextos de alta representación, empregarase como identidade visual:**

- a) Unicamente o *sigilum*.
- b) O *sigilum* acompañado das siglas da USC.
- c) Unicamente as siglas da USC.

**56. As entidades con personalidade xurídica diferenciada da USC, pero participadas por ela:**

- a) Deberán usar o logotipo da USC como identificador.
- b) Poderán elixir entre usar o logotipo da USC ou un logotipo propio.
- c) Non poderán usar o logotipo da USC como elemento identificador.

**57. A Universidade de Santiago de Compostela conta en total con:**

- a) Vinte facultades, dúas escolas técnicas superiores e unha escola universitaria adscrita.
- b) Vinte e dúas facultades, dúas escolas técnicas superiores e dúas escolas universitarias adscritas.
- c) Vinte e tres facultades, dúas escolas técnicas superiores, e un centro e tres escolas universitarias adscritas.

**58. A Escola Universitaria de Relacións Laborais do Campus de Lugo:**

- a) É un centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela.
- b) Non é un centro adscrito, xa que depende da Facultade de Relacións Laborais.
- c) No Campus de Lugo non se imparte esa titulación.

**59. Os estudos universitarios que conducen á obtención dun título oficial impartido pola USC:**

- a) Son os estruturados en tres ciclos: máster, estudos de formación continua e doutoramento.
- b) Son os estruturados en tres ciclos: grao, máster e estudos de formación continua.
- c) Son os estruturados en tres ciclos: grao, máster e doutoramento.



**60. Que é o SXOPRA?**

- a) Servizo que ten por misión servir de apoio ás estruturas académicas da USC para configurar unha oferta anual e integrada de estudos.
- b) Servizo que ten por misión a xestión dos residuos da USC.
- c) Servizo que ten por misión a xestión do apoio do persoal contratado.

**61. Onde se atopa a Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) da USC?**

- a) Casa da Balconada.
- b) Colexio de San Xerome.
- c) Casa da Concha.

**62. Que servizo xestiona os aspectos administrativos da actividade e funcionamento das Asociacións Estudiantís?**

- a) Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado.
- b) Servizo do Consello Social.
- c) A asociación de estudantes.

**63. Que nome recibe o catálogo de procura en liña da Biblioteca Universitaria?**

- a) Iacobus.
- b) Prelo.
- c) Minerva.

**64. Sinale a resposta correcta:**

- a) A Biblioteca Universitaria non dispón de ningún centro que abra en horario de fin de semana.
- b) O horario de apertura da Biblioteca Concepción Arenal inclúe fins de semana e festivos.
- c) A Biblioteca Concepción Arenal abre fins de semana e festivos unicamente en período de exames.

**65. Cal dos seguintes fondos documentais non poderá ser obxecto de préstamo segundo o artigo 34 do Regulamento da Biblioteca Universitaria?**

- a) Dicionarios.
- b) Guías turísticas.
- c) Manuscritos.

**66. Segundo o artigo 28 do Regulamento da Biblioteca Universitaria, cal dos seguintes non está entre os usuarios/as propios da Biblioteca Universitaria?**

- a) Persoal docente e investigador da USC e centros adscritos.
- b) Alumnos/as doutros centros universitarios cos que a USC teña convenio.
- c) Persoal de administración e servizos da USC.

**67. A opción “Compartir”, situada na esquina superior dereita da pantalla da aplicación Teams, permite:**

- a) Compartir única e exclusivamente unha xanela.
- b) Compartir única e exclusivamente documentos Excel e Word.
- c) Compartir unha presentación, unha xanela ou toda a pantalla.

**68. Cal é o número máximo de invitados que poden unirse a unha reunión de Teams e interactuar mediante chat, audio e vídeo?**

- a) 100.
- b) 500.
- c) 1000.

**69. Permite a aplicación de Teams convidar a persoas alleas á organización a unha reunión?**

- a) Si, unicamente cando dispoñan dunha licenza de Teams.
- b) Si, aínda non dispoñendo de licenza de Teams, permite convidalos a través do seu enderezo de correo electrónico.
- c) Non, non é posible convidar a persoas alleas á organización.

**70. En que dispositivos se pode instalar Microsoft Teams?**

- a) En equipos PC ou Mac, pero non en dispositivos móbiles.
- b) En dispositivos móbiles e equipos PC, pero non en equipos Mac.
- c) En dispositivos móbiles, en equipos PC ou Mac.

**71. Para programar unha reunión mediante Microsoft Teams, debe ter en conta que:**

- a) Debe introducir os nomes no cadro "convidar a persoas" para agregalas á reunión.
- b) Non pode convidar a alguén que non pertenza á USC.
- c) Pode convidar a alguén que non pertenza á USC pero debe ter instalado Microsoft Teams.

**72. A ferramenta que permite crear espazos de traballo colaborativos baseados en chat para unificar na mesma aplicación toda a comunicación e documentación xestionada en liña, incluíndo reunións a través de videoconferencia:**

- a) É Microsoft Teams.
- b) É Microsoft Outlook.
- c) Non hai unha única ferramenta que faga todo o mencionado no enunciado.

**73. Pódese anexar un arquivo de correo electrónico nunha mensaxe de Outlook?**

- a) Non, non é posible.
- b) Si, a través da opción "Inicio– Achegar arquivo – Achegar mensaxe - Mensaxe de Outlook".
- c) Si, a través da opción "Mensaxe – Anexar ficheiro – Anexar elemento - Elemento de Outlook".

**74. Outlook:**

- a) Permite que todo o persoal da USC programe o envío de mensaxes personalizando a data e a hora.
- b) Non permite programar o envío de mensaxes personalizando a data e a hora.
- c) Permite que unicamente o persoal da Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (ATIC) programe o envío de mensaxes personalizando a data e a hora.

**75. Cando se envía unha mensaxe por correo electrónico:**

- a) A mensaxe non se enviará se o destinatario está incluído no cadro CCO.
- b) A mensaxe poderá ser enviada sen indicar o asunto.
- c) Os documentos adxuntos só serán enviados xunto coa mensaxe cando se acheguen desde OneDrive.

**76. Como informaríase mediante Outlook a outros usuarios/as de que non pode responder o correo, por exemplo, porque está de vacacións?**

- a) Marcando as mensaxes como non lidas.
- b) Activando unha notificación sonora cando chegue unha nova mensaxe.
- c) Activando o envío das respostas automáticas.

**77. Segundo a normativa vixente sobre administración electrónica, os membros da comunidade universitaria:**

- a) Están obrigados a relacionarse coa USC a través de medios electrónicos para os procedementos tramitados por esta Universidade.
- b) Non están obrigados a relacionarse coa USC a través de medios electrónicos para os procedementos tramitados por esta Universidade.
- c) Poden elixir o medio para relacionarse coa USC, xa sexa a través de medios electrónicos ou calquera outro, igual que se non fose membro da comunidade universitaria da USC.

**78. Se o persoal da USC necesita solicitar un certificado emitido polo Servizo de Xestión de Persoal:**

- a) Poderá solicitalo en calquera momento e por calquera dos medios establecidos na Lei 40/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- b) Deberá solicitalo a través do procedemento establecido no catálogo de procedementos que está á súa disposición no apartado de servizos xerais da sede electrónica.
- c) Deberá solicitalo mediante correo electrónico dirixido ao Servizo de Xestión de Persoal, identificándose e explicando a finalidade do certificado.

**79. Para que os acordos, resolucións e actos administrativos da USC adquiran carácter oficial e xeren plenos efectos xurídicos deberán:**

- a) Publicarse na páxina web e nos taboleiros de anuncios físicos dos centros afectados polo acto administrativo.
- b) Distribuírse entre os membros da comunidade universitaria a través dos medios electrónicos dos que dispón a USC, principalmente as listas de distribución do correo electrónico.
- c) Publicarse no taboleiro de anuncios oficial da USC.

**80. As notificacións ás persoas interesadas, cando estean obrigadas a relacionarse electronicamente coa USC, realizaranse a través:**

- a) Da notificación electrónica que se atopa dispoñible no apartado de servizos persoais da sede electrónica.
- b) Da notificación electrónica que se atopa dispoñible no apartado de servizos xerais da sede electrónica.
- c) Da notificación que se remitirá a través de Correos ou outra empresa de mensaxería.

**81. Cantos PINS posúe un euroconector?**

- a) 12.
- b) 25.
- c) 21.

**82. Cantos PINS ten unha caravilla RJ45?**

- a) 8.
- b) 10.
- c) 6.

**83. Para conectar un dispositivo con acceso a Internet con outro dispositivo de rede utilizaremos:**

- a) Conectores con cables coaxiais RF.
- b) Conectores RJ45.
- c) Conectores RJ21.

**84. Por coincidir en domingo os días 24 e 31 de decembro de 2023:**

- a) Todo o persoal da USC gozará de dous días máis por asuntos particulares.
- b) En ningún caso o persoal de administración e servizos da USC gozará de días adicionais por asuntos particulares.
- c) O persoal cuxa xornada sexa a de sábados, domingos e festivos non gozará de dous días máis por asuntos particulares.

**85. O goce dos días por asuntos particulares do ano 2023:**

- a) En ningún caso poderá autorizarse no seguinte ano.
- b) Poderá autorizarse até o 31 de marzo de 2024.
- c) Poderá autorizarse até o 31 de abril de 2024 cando non fose posible o seu goce dentro do período establecido.

**86. Os permisos de maternidade, adopción, acollemento, paternidade e lactación, así como os períodos de incapacidade temporal:**

- a) En ningún caso poderán acumularse ao período de vacacións.
- b) Poderán acumularse ao período de vacacións mesmo despois de rematar o ano natural ao que aquelas correspondan.
- c) Poderán acumularse ao período de vacacións, pero en ningún caso despois de rematar o ano natural ao que aquelas correspondan.

**87. Os empregados públicos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia teñen dereito:**

- a) A participar na elaboración dos obxectivos atribuídos á unidade onde presten os seus servizos e a ser informados polos seus superiores das tarefas que deben desenvolver.
- b) A participar na elaboración dos obxectivos atribuídos á unidade onde presten os seus servizos e a informar aos seus superiores das tarefas que deben desenvolver.
- c) A participar na consecución dos obxectivos atribuídos á unidade onde presten os seus servizos e a ser informados polos seus superiores das tarefas que deben desenvolver.

**88. Os empregados públicos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia teñen dereito:**

- a) Á formación continua e á actualización permanente dos seus coñecementos e capacidades profesionais, preferentemente en horario laboral.
- b) Á formación continua e á actualización permanente dos seus coñecementos e capacidades profesionais, preferentemente fóra do seu horario laboral.
- c) Á formación continua e á actualización permanente dos seus coñecementos e capacidades profesionais, obrigatoriamente en horario laboral.

**89. Para velar e promover a garantía da calidade do Sistema Universitario de Galicia:**

- a) Creouse en 2001 a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).
- b) Creouse en 2005 a Axencia Galega para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (AGCSUG).
- c) Non existe unha axencia galega específica para revisar a calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

**90. Cales son as directrices xerais para o deseño dos plans de estudos dos ensinos de Grao segundo a normativa vixente?**

- a) Os plans de estudos conducentes á obtención dun título de Graduada ou Graduado terán 240 créditos ECTS, salvo aqueles que estean suxeitos a lexislación específica ou polas normas do Dereito da Unión Europea a ter 300 ou 360 créditos.
- b) Os plans de estudos conducentes á obtención dun título de Graduada ou Graduado terán 240 créditos ECTS, salvo aqueles que estean suxeitos a lexislación específica ou polas normas do Dereito da Unión Europea a ter 280 ou 320 créditos.
- c) Os de estudos conducentes á obtención dun título de Graduada ou Graduado terán unicamente 240 créditos ECTS.

**PREGUNTAS DE RESERVA****91. Nunha sala de caldeiras, o presóstato serve para:**

- a) Medir o caudal.
- b) Regular a presión.
- c) Regular o caudal.

**92. A participación do persoal dun centro nos diferentes equipos de emerxencia do plan de autoprotección:**

- a) Sempre ten carácter voluntario.
- b) Só será obrigatorio para o persoal do equipo de primeiros auxilios.
- c) O persoal ten a obriga de participar, na medida das súas capacidades, no plan de autoprotección e asumir as funcións que lle sexan asignadas.

**93. O número de días de permiso que corresponde ao persoal de administración e servizos:**

- a) Será proporcional ao tempo de servizos efectivos prestados durante o ano natural redondeándose á baixa (menor ou igual a 0.5) a favor da persoa solicitante.
- b) Será proporcional ao tempo de servizos efectivos prestados durante o ano natural redondeándose á alza (maior ou igual a 0.6) a favor da persoa solicitante.
- c) Será proporcional ao tempo de servizos efectivos prestados durante o ano natural redondeándose á alza (maior ou igual a 0.5) a favor da persoa solicitante.

**94. Os empregados públicos teñen os seguintes dereitos de carácter individual en correspondencia coa natureza xurídica da súa relación de servizo:**

- a) Á inamabilidade na condición de funcionario de carreira.
- b) Só á carreira profesional.
- c) Só á inamabilidade na condición de funcionario de carreira.

**95. Cales son as directrices xerais para o deseño dos plans de estudos dos ensinamentos de Máster Universitario segundo a normativa vixente?**

- a) Os plans de estudos conducentes á obtención dun título de Máster Universitario contarán unicamente con 60 ou 90 créditos ECTS.
- b) Os plans de estudos conducentes á obtención dun título de Máster Universitario contarán con 60, 90 ou 120 créditos ECTS.
- c) Os plans de estudos conducentes á obtención dun título de Máster Universitario contarán con 60, 90 ou 180 créditos ECTS.